



CONCELLO DE NARÓN

Reunidos na Casa do Concello, o día 17 de xaneiro de 2017, ás 11,30 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado “Melloras de accesibilidade e seguridade en accesos a centros sociais den R/Foro, R/ Río Sil, R/ Río Masma e outros” formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación) que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

Aberta a sesión pola presidencia, procedese a lectura e exame do informe técnico emitido en relación coa xustificación da baixa desproporcionada presentada pola empresa Excavaciones Saavedra y López S.L.

Neste informe asinado por D. José Manuel Saavedra Pantín, considérase non xustificada, dado que xustifica o volume de obra, a relación custes fixos/volume de obra, pero nos prezos non presenta o compromiso de subministro do aglomerado, material que representa o 68% da obra

A Mesa de Contratación, ratifica este informe e afasta do procedemento licitatorio, a oferta presentada pola mercantil Excavaciones Saavedra y López S.L..

Así as ofertas que continúan en la licitación, obteñen, con referencia aos criterios de adxudicación, a seguinte a puntuación:

Entidade	Criterios non obxectivos	Criterios obxectivos	Total
Lancer S.A.	20,40	43,24	63,64
José No Mantiñan e Hijos Contruccionen SA	23,10	32,70	55,80
Francisco Gómez S.L.	18,50	50	68,50
Oviga S.L.	19,60	41,46	61,06

A vista destas puntuación, a Mesa de Contratación propón a adxudicación deste contrato, á empresa coa mellor oferta, segundo a puntuación dos criterios de adxudicación contemplados no prego de condicións, FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L



CONCELLO DE NARÓN

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.



Asdo. José M. Blanco Suárez

Asdo. Alfonso de Prado Fernández Canteli

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Pilar'.

Asdo. María del Pilar Canzobre Mendez

A large, stylized handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Ignacio'.

Asdo. Ignacio Mazaira Garro